

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 6 DE AGOSTO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día 6 de agosto de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, e D^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral accidental, don Pedro Fernández Augustí, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

1. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Aprobouse a concesión de subvención directa e excepcional ao Foro Enrique Peinador (co gallo da celebración do Centenario do 1º Congreso de Economía Galega) para o investimento consistente na realización e colocación dun busto de bronce conmemorativo do empresario Álvaro Gil Varela.

ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

2. PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ.- Adxudicouse a subvención nominativa á entidade Cruz Roja Española, para o exercicio de 2025 e aprobouse o texto do convenio regulador.

ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

3. PERSOAL.- Aprobáronse as atribucións temporais de funcións de sarxento xefe e cabo bombeiro do servizo de prevención e extinción de incendios, a dous funcionarios municipais.

4. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Aprobáronse as seguintes contratacións:

- Da obra de acondicionamento e mellora da estrada de acceso a Abelairas (San Xoan do Alto) e de accesos a Pacios (Santa Comba). Obra incluída no Plan da Deputación de Cooperación cos Concellos 2025. Exp. Ref. 2025/C002/000011. Adxudicación.

- Da obra de acondicionamento e mellora de estrada en San Andrés de Castro, de estrada nas proximidades da Igrexa, de estrada nas proximidades do Colexio de

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Ref: 25extractoxg33

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-8-2025

Nadela e da estrada de acceso á Urbanización (San Xoán de Pena). Obra incluída no Plan da Deputación de Cooperación cos Concellos 2025. Exp. Ref. 2025/C002/000012. Adjudicación.

- Da obra de abastecemento de auga ao núcleo de Cima de Vila (Lugo) Fase 3. Obra incluída no Plan Provincial Único de Cooperación 2024. Exp. Ref.: 2025/C002/000006. Adjudicación.

- Da obra de modificación de estrutura en Carril das Flores. Aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adjudicación por procedemento aberto simplificado. Apertura do procedemento de adjudicación. Exp. Ref. 2025/C002/000022.

- Acordouse a resolución do contrato administrativo por incumprimento de obrigas esenciais, correspondente ao Lote 1 deseño, maquetación e impresión offset para a publicación da revista Xistral e o libro San Froilán dos Devanceiros. Exp. Ref. 2025/C003/000003.

- Acordouse a contratación do deseño, maquetación e impresión da revista Xistral e do libro do San Froilán dos Devanceiros. Aprobación do prego técnico e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e adjudicación por procedemento aberto simplificado abreviado. Apertura do procedemento de adjudicación. Exp. Ref. 2025/C003/000040.

5. FOMENTO.- Acordouse aprobar os textos e proceder ás sinaturas dos seguintes documentos: Convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia, o Concello de Lugo e ABANCA Corporación Bancaria, S.A., para a celebración das festas de “San Froilán 2025” e Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Mercado de Nadal” ano 2025.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxó Fernández.